

LINGUA GALEGA

Texto:

781,40 € é unha cifra nada simbólica: non é capicúa, non leva números bonitos e non ten catro cifras diante da coma. Pero 781,40€ é a cifra que deu e dá ilusión a moita xente a principios de mes, a moitas familias que agardan esa cifra para pagar recibos atrasados.

Esta é a cantidade que reflicte a capacidade de resistencia de moitas familias galegas.

- 5 É o valor da pensión media en Galicia. Este foi o motoríño auxiliar da nosa economía na crise, e segue sendo hoxe. 781,40€ é parte da loita contra a perda total da dignidade, nada de milagres económicos dos gobernos de quenda.

Non entendades mal, non defendo esta cifra. Ó contrario, é unha vergoña que tería que facer baixar a testa a máis dun político que xa fala de vacas gordiñas. Sitúa a realidade 10 de Galicia no estado e en Europa. 781,40€ pon a Galicia segunda pola cola. Por exemplo os vascos perciben 1.147,85€ e os veciños de Asturias 1.089,97€. Que envexa, estes avós poden incluso mercar algún xoguete ós netos.

15 Sabendo como sabemos a necesidade destas pensións para o día a día das familias, alguén pensa que con 781,40€ se pode activar o consumo e a economía? Menos vacas gordiñas polo de agora, por favor. Mención especial ten esa clase de traballadores/empresa que son os autónomos, logo dunha vida de traballo seguido, de riscos e de moito sufrir cobran de media 712,42€ en Galicia. Moito non é.

20 Coido que como traballadores temos que reflexionar por que son, precisamente os vascos os que teñen unha media máis digna. Eu teño claro que é porque teñen a capacidade de xestionar o seu. E os madrileños son os segundos, vivindo nun deserto e sen mar, porque teñen a capacidade de xestionar o noso. Que parvos somos.

Cando o señor conselleiro fale de vacas gordiñas, mirade a libreta do banco dos avós: é a mellor foto desas vacas.

(Juan Carlos Piñeiro, *Galicia Confidencial*, 27.10.2017)

Cuestiós:

- Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *reflectir* (l.4), *quenda* (l. 7), *vacas gordiñas* (l. 9), *o día a día* (l. 13), *riscos* (l. 16) (1 punto).
- Escriba un título e faga un resumo do texto (2 puntos).
- Escriba tres derivados de cada unha das seguintes palabras do texto: *ilusión*, *familia*, *motor*, *testa*, *traballo* (1 punto).
- Conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo dos verbos *dar*, *seguir*, *reflectir*, *saber*, *ser* (teña en conta que no texto pode encontrar algunas destas formas) (2 puntos).
- Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).